




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Pontevedra. Municipio: Bueu. Parroquias: Santa María de Beluso. Extensión: 1,97 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade con fachada sedimentaria formada principalmente polos areais da Mourisca e Tulla separados pola Punta Cornide. Cara ao leste desenvólvese un tramo de costa rochosa con predominio dos acantilados baixos e medios que constitúen a fronte costeira do Monte Agudo. A vertente esténdese por un val de pendente suave a moderada, con rede fluvial pouco significativa, na que sobresaen pequenas elevacións a modo de relevos residuais. Inclúe o EIX Relevo granítico do Cabo Udra.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade pertence ao dominio dos granitoides de afinidade calcoalcalina, concretamente ás grandioritas con megacristais de feldespato, presenta numerosas fracturas tanto na esquina noroccidental como na nororiental. Ao norte, ademais dos depósitos de area das praias da Mourisca e de Tulla, preséntanse algo máis ao interior, zonas de depósitos coluvio-aluviais.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual superior a 15°C e oscilación térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións medias sitúanse entre 1200 mm e 1400 mm ao ano.

OS SOLOS

Arenosoles álbicos e háplicos no complexo sedimentario composto polas praias de Tulla e da Mourisca. Na vertente dominan os solos sobre rochas de natureza granítica, cambisoles dístrico-úmbricos principalmente, ademais de umbrisoles dístricos e leptosoles onde aflora o substrato rochoso sobre todo na cabeceira da unidade e nos tramos acantilados do extremo oriental.


AS AUGAS

A unidade de Beluso presenta a súa rede hidrográfica orientada cara á praia da Mourisca e de Tulla, ao noroeste. Trátase en todo caso, de pequenos arrosos que desembocan nas proximidades do Cabo Udra (Augas Costeiras 20165) formando suaves valgadas.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas e de Praia da Mourisca cara ao O. ao LIC Cabo Udra. Costa mixta de acantilados baixos de paredes irregulares e praias adxacentes con mínimas zonas dunares nas que se desenvolvería o grupo de hábitats 21, dunas marítimas atlánticas. Na zona rochosa aparecen acantilados mariños atlánticos (1230) e hai potencialidade para o 1210, vexetación anual sobre refugallo mariño acumulado, sobre todo nas praias de cantos e bloques, e plataformas rochosas. No interior, non existen valgadas marcadas con pequenos leitos que puideran dar lugar a masa ripícola en sentido estrito. Ademais, as repoboacións alcanzaron as áreas agrícolas. As masas frondosas a considerar, realmente mixtas, con sectores de maior interese e outros que só presentan eucaliptos, distribúense por toda a unidade, agás o extremo E., entre los cultivos e os eucaliptais. Recolonización e degradación de antigos soutos (9260) e carballeiras (9230) son procesos a ter en conta nun arborado moi desordenado.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na zona nordeste e suroeste da unidade predominan as masas forestais homoxéneas de repoboación, mentres que no resto do territorio as parcelas agrícolas comparten espazo con construcións unifamiliares de carácter rústico. Na fronte litoral localízanse os usos de praia, entre os que destaca a senda costeira que permite o acceso ao espazo natural de Cabo Udra.

MORFOLOXÍA

Existen catro núcleos diferenciados que son A Rosa, Cabalo, Rúa Nova de Abaixo e Sar. Son núcleos pequenos, con vivendas unifamiliares asociadas a terras de cultivo dedicadas principalmente a horto, estes asentamentos están vertebrados por vías de comunicación que serviron de eixes de crecemento. Na franxa litoral localízase un asentamento disperso de carácter turístico.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As vías principais son a PO-315 a sueste da unidade e que cruza o núcleo de Rúa Nova de Abaixo, desde esta sae a PO-1302 con dirección SE-NO cara ao espazo natural de Cabo Udra atravesando o núcleo da Rosa. O resto das vías son locais e nacen a partir das dúas principais cunha organización pouco definida, de trazado sinuoso e adaptado ao medio. Moitas destas estradas conducen ata o litoral e a súas praias.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio inventariado na unidade é o conxunto de Santa María de Beluso do s. XII, que inclúe a igrexa, a casa reitoral e un cruceiro.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade ten un carácter agrario, aínda que o sector pesqueiro, como motor socioeconómico deixa a súa marca no territorio, dada a proximidade do porto de Bueu. A configuración do relevo está formado por vertentes moderadas que desembocan nas praias de Mourisca e Tulla. Os asentamentos localízanse sobre todo no alto destas vertentes, a excepción do disperso. A unidade mantén altos niveles de naturalidade e ruralidade, cunha estrutura agraria moi parcelada.

DINÁMICA DA PAISAXE

En xeral a paisaxe da unidade non experimentou demasiados cambios nas últimas décadas. Non obstante, apréciase un aumento das masas forestais de repoboación, xunto cun abandono das actividades agrarias, sobre todo en zonas máis afastadas dos núcleos rurais. O aumento de poboación obrigou á instalación dunha estación depuradora. Os asentamentos creceron de forma horizontal respecto ás vías de comunicación, pero mantendo na maioría dos casos as súas alturas. Aparece na zona da fronte litoral un rururbano espontáneo (Praia de Mourisca, Praia de Tulla e a zona noroeste da unidade ocupada polo LIC Cabo Udra) cunha tipoloxía de vivenda unifamiliar illada.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O sector máis importante desde o punto de vista ecolóxico é o que se atopa no sector noroeste da unidade, que se corresponde co LIC Cabo Udra. O elemento dominante do conxunto é o mar e as praias que outorgan un gran valor escénico á unidade. Paralela ao borde litoral existe unha senda que serve como percorrido para a interpretación da paisaxe. Seguindo este percorrido e nas proximidades da praia de Mourisca propónse un punto de observación.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecedamentos espontáneos da fachada litoral da unidade, concretamente os contornos de Praia de Mourisca, Praia de Tulla e a zona noroeste da unidade ocupada polo LIC Cabo Udra, co obxectivo de ordenar os usos do solo e frear os crecedamentos dispersos na fronte costeira desvinculadas dos núcleos tradicionais rurais e sen funcións urbanas que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m











Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



